

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte I				
Materia	Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte I			
Código	P02G050V01501			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Rey Cao, Ana Isabel			
Profesorado	Rey Cao, Ana Isabel			
Correo-e	anacao@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A didáctica é o ramo das Ciencias da Educación que ten por obxecto a optimización do proceso ensino-aprendizaxe (E-A). O obxectivo fundamental desta materia é facilitar ao alumnado os coñecementos básicos para desenvolver con rigor didáctico a programación dun proceso de ensino-aprendizaxe a través de prácticas corporais. A Didáctica é un contido transversal indispensábel para a práctica profesional das graduadas e graduados en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Está presente en todo proceso de E-A, con independencia do ámbito onde se desenvolva: rendemento deportivo, ocio, educación ou saúde. Nesta aproximación inicial (no segundo cuadrimestre impártese Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte II) abórdanse os principais elementos do sistema que constitúe unha programación educativa. A materia aporta as ferramentas básicas coas que posteriormente poder adaptarse a calquer proceso de ensino-aprendizaxe en contextos non formais (docencia en actividades extraescolares, escolas deportivas, asociacións, centros socioculturais, academias, etc.) e formais (educación física escolar). A materia céntrase na dimensión máis instructiva dos procesos de E-A. No deseño das tarefas de E-A para a optimización dos contidos en coherencia coas competencias, obxectivos; e na aplicación dos métodos para o control da disciplina, o espazo e a comunicación.			

Competencias	
Código	
B1	Conceptualización e identificación do obxecto de estudo das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
B2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
B11	Coñecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.
B12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
B13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
B15	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino- aprendizaxe relativos á actividade física e do deporte, con atención ás características individuais e contextuais das persoas.
B16	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica da actividade física e do deporte.
B18	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentales e sociais, aos diferentes campos da actividade física e o deporte.
B20	Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde da práctica de actividades físicas inadecuadas.
B21	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de actividades físicodeportivas.
B23	Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo axeitado para cada tipo de actividade.
B25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.
B26	Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Identificar os diferentes elementos do acto didáctico, como se articula a sua presenza na programación e entender a relación entre eles.	B15
Conceptualizar que é unha programación sistémica, os modelos didácticos fundamentais e os elementos que constitúen a ecoloxía dos procesos de ensino-aprendizaxe.	B1 B2
Utilizar a plataforma de teledocencia para supervisar a guía docente, o guión do traballo e realizar a inscrición para o traballo por proxectos/microensino. Empregar a web 2.0 para avaliar os procesos de E-A desenvolvidos na aula.	B12
Asimilar que a realización dunha boa programación é un factor fundamental para unha boa práctica profesional vencellada á actividade física e o deporte.	B11 B13
Comprender que a reflexión durante a programación e práctica docente responde a un aspecto básico da deontoloxía profesional.	B11 B13
Seleccionar, secuenciar e explicitar obxectivos para unha programación de forma sistémica e articulada en niveles de concreción.	B15 B21
Seleccionar, secuenciar e explicitar contidos para unha programación sistémica e articulada en niveis de análise epistemolóxico e psicopedagóxico.	B15 B16 B21
Seleccionar e aplicar os métodos e técnicas didácticas máis acordes aos obxectivos, contidos, modelo didáctico e estratexia seleccionada na programación.	B13 B15 B16 B18 B20 B21 B23
Deseñar sesións a través da motricidade realizando unha elección e ordenación idónea dos elementos didácticos.	B15 B16 B18 B20 B21 B23 B26
Deseñar tarefas acordes aos obxectivos e contidos.	B15 B18 B20 B23 B26
Realizar en equipo unha programación didáctica completa para unha intervención concreta. Desenvolver unha intervención didáctica nun contexto facilitado, prestando especial atención ás habilidades comunicativas. Aceptar as avaliacións externas e empregalas como eixos de reflexión sobre a propia competencia didáctica. Ser autocrítico/a coas habilidades didácticas. Desenvolver a capacidade de avaliación didáctica observando o desenvolvemento dos elementos do acto comunicativo na praxis dos procesos de ensino-aprendizaxe. Analizar sistémicamente a programación desenvolvida avaliando a sua coherencia estratéxica.	B2 B12 B13 B25 B26

Contidos	
Tema	
1. Fundamentación teórica da Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte.	1.1. A didáctica. 1.1.1. Contextualización histórica. 1.1.2. Definición. 1.1.3. Obxecto, funcións e clases de didáctica. 1.1.4. Didáctica e currículo. 1.2. Os procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte. 1.2.1. Delimitación e epistemoloxía do concepto.

2. Elementos básicos na programación dos procesos de ensino aprendizaxe a través da actividade física e o deporte. 3. A coherencia na programación didáctica. 4. Programación dos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte no terceiro nivel de concreción ou programación a curto prazo. As unidades de programación.	2.1. Concepto de programación. 2.2. Modelos de programación. 2.3. Características da programación. 2.4. Componentes da programación. 3.1. Concepción ecolóxica dos procesos de E-A na actividade física e o deporte. 4.1. A programación a curto prazo.
5. Modelos para a intervención a través da actividade física e o deporte nos elementos presentes no terceiro nivel de concreción ou programación a curto prazo.	5.1. Tipos de obxectivos. 5.1.1. Tarefas do profesorado vencelladas aos obxectivos. 5.2. Os contidos. Tipos de contidos. 5.2.1. Os contidos na educación a través da motricidade. 5.2.2. Tarefas do profesorado vencelladas aos contidos. 5.3. Metodoloxía dos procesos de E-A na actividade física e o deporte. 5.3.1. Conceptos e elementos. 5.3.2. Métodos de práctica. 5.3.3. Métodos para a organización da sesión. 5.3.4. Métodos para a organización espacial e material. 5.3.5. Métodos para a formación e distribución de grupos. 5.4. Métodos para a xestión da disciplina.
6. A tarefa didáctica.	6. Actividades de ensino-aprendizaxe. 6.1. A tarefa didáctica. 6.2. Método de presentación da tarefa. 6.3. Formulación de tarefas. 6.4. Análise didáctico das tarefas motrices.
7. Habilidades do/a docente nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte.	7. Métodos para a comunicación. 7.1. Habilidades de comunicación. 7.2. Retroalimentación. 7.3. Estratexias para unha comunicación sen prexuízos de xénero e non sexista. 8. A práctica reflexiva.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	30	40
Resolución de problemas	10	10	20
Traballo tutelado	1	15	16
Seminario	3	21	24
Estudo de casos	12	0	12
Obradoiro	2	6	8
Prácticas de laboratorio	13	13	26
Exame oral	1	3	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Clases Maxistrais nas que se explican os fundamentos teóricos. O alumnado asimila e toma apuntes. Expón dubidas e cuestións complementarias.
Resolución de problemas	Traballo individual e grupal de resolución de tarefas nas clases B e C. A profesora presenta e exemplifica a tarefa e o alumnado resolve e expón dubidas. O alumnado deseña, imparte e analiza diferentes método e tarefas didácticas.

Traballo tutelado	Deseño e desenvolvemento dunha intervención didáctica a través da actividade física e o deporte. Aplicación de microensino. Cada grupo desenvolverá unha sesión según as características básicas determinadas na opción que lle sexa asignada. En cada unha delas abórdase específicamente un método didáctico. Esta sesión deberá ser impartida aos seus compañeiros e compañeiras nas aulas prácticas. É obrigación do alumnado manterse informado das posibles modificacións no calendario de prácticas. É obrigatorio realizar un mínimo de dúas titorías (seminario) antes da realización da sesión. Unha delas será en hora de clase.
Seminario	O alumnado presenta á profesora o desenvolvemento do seu traballo tutelado nun mínimo dunha titoría grupal.
Estudo de casos	Análise didáctica e discusión da sesión práctica realizada na clase laboratorio realizada na práctica B. O alumnado deberá participar activamente e realizar as tarefas encomendadas na clase A correspondente.
Obradoiro	Intervención docente. O alumnado imparte unha sesión a un grupo de alumnos/as que foi programada no traballo tutelado e nos seminarios. A sesión é avaliada por el@s mesm@s, os seus compañeir@s e a profesora. Empréganse ferramentas de observación sincrónica e a través de gravación audiovisual.
Prácticas de laboratorio	Nas aulas de laboratorio experimentanse diferentes intervencións a través da motricidade. Participación nun microensino e na reflexión-análise do final da sesión.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Supervisión, discusión e corrección do traballo tutelado.
Obradoiro	Supervisión e avaliación da intervención docente.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Microensino: Programación e desenvolvemento dunha intervención didáctica a través da actividade física e o deporte. Os criterios son: - Entregar o borrador da sesión e a memoria final no prazo establecido. - Desenvolver o traballo cumprindo os requisitos formais e de contido esixidos. - Levar á práctica a sesión deseñada. - Asistir a dúas titorías para a revisión previa da sesión e a clase onde se explica o método correspondente a esa sesión. - Deseñar e explicitar tarefas cumprindo os criterios solicitados (aplicación de métodos específicos). - Obrigatorio para todo o alumnado.	20	B1 B2 B11 B12 B13 B15 B16 B18 B20 B21 B23 B25 B26
Seminario	Asistencia en grupo as titorías para a supervisión e discusión do traballo tutelado. - O alumnado debe asistir as titorías coas tarefas de control realizadas que se explicitan no guión do traballo. - Só se cualificará ao alumnado que asista.	5	B2 B11 B12 B25 B26
Estudo de casos	Asistencia e participación activa na reflexión e análise didáctica que se realizará da sesión práctica desenvolvida na clase B. Execución e entrega das tarefas propostas. Participación nas tarefas de avaliación.	5	B12 B13 B15 B20 B25 B26

Obradoiro	Desenvolvemento dunha intervención didáctica en grupo. O alumnado asumirá a docencia dun mínimo dunha actividade de ensino-aprendizaxe. Os criterios son: - Organizar a fase pre-activa. - Xestionar axeitadamente os recursos materiais e espaciais durante o desenvolvemento da sesión. - Implementar estratexias de disciplina e participación pasiva. - Desenvolver a fase reflexiva con criterios didácticos. - Adoptar unha actitude docente positiva. - Organizar e desenvolver a fase post-activa xunto co alumnado (reflexión e análise da sesión).	5	B11 B23 B25 B26
Prácticas de laboratorio	Control da participación nas clase de laboratorio. -Asistir e participar activa e criticamente no microensino cun mínimo do 80% das prácticas das horas dos grupos B e C. - Realizar correctamente a observación de habilidades de comunicación e máis a gravación audiovisual. -A asistencia a máis de un 80% da docencia de aula de créditos B e C eximirá da realización do exame práctico final. -Este criterio non é de obrigado cumprimento para superar a materia, posto que o alumnado que supere o 20% de faltas poderá acceder á avaliación final mediante una proba dos créditos de laboratorio. Calificación de apto/a ou non apto/a	5	B13 B15 B16 B18 B20 B21 B23 B25
Exame oral	Defensa oral do traballo escrito. O alumnado respostará as cuestións realizadas pola profesora sobre á programación da sesión desenvolvida no traballo tutelado. En casos específicos, mediante negociación previa coa profesora, esta ferramenta de avaliación poderá ser substituída por un exame escrito de desenvolvemento.	60	B1 B2 B11 B13 B15 B16 B18 B20 B21 B23 B26

Outros comentarios sobre a Avaliación

Réxime avaliación continua:- Os traballos deberán entregarse nas datas determinadas pola profesora.
- En caso de non superar a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas avaliaranse na convocatoria de xuño/xullo. Nas convocatorias correspondentes ao mesmo curso académico conservaranse as cualificacións obtidas nas ferramentas de avaliación superadas. Será necesario repetir as ferramentas necesarias para obter un mínimo de 5 puntos. - Non existe posibilidade de manter partes da materia aprobadas procedentes de anteriores cursos académicos.
- O alumnado que se atope en circunstancias especiais e/ou xustificadas polas que non poida realizar algunha das ferramentas de avaliación, deberá comunicalo ao inicio do curso para poder adaptar a avaliación ao seu caso. No caso de concorrer a circunstancia excepcional durante o desenvolvemento do curso, deberá comunicalo cunha antelación mínima de dous meses á data oficial do exame.
- Manteranse os mesmos criterios para aprobar nas sucesivas convocatorias.

Avaliación global:- O alumnado que non teña optado á avaliación continua, realizará unha avaliación global nas datas oficiais.

- As datas oficiais dos exames pódense consultar na web da facultade na ligazón http://fcced.uvigo.es/es/docencia/examenes/

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Florence, J., Brunelle, J. & Carlier, G., **Enseñar Educación Física en Secundaria. Motivación, organización y control.**, 1ª ed., Inde, 2000

Galera, A., **Manual de didáctica de laEducación Física I. Una perspectiva constructivista moderada. Funciones de impartición.**, 1ª ed., Paidós, 2001

Galera, A., **Manual de didáctica de laEducación Física II. Una perspectiva constructivista moderada. Funciones de programación.**, 1ª ed., Paidós, 2001

Rey Cao, Ana, **Didáctica de los procesos de enseñanza-aprendizaje en la actividad física y el deporte I. Apuntes de la asignatura.**, Pontevedra, 2017

Seners, P., **La lección de Educación Física. Inde.**, 1ª ed., Inde, 2001

Bibliografía Complementaria

Aggerholm, K.; Standal, O.; Barker,D.M. & Larson, H., **On practising in physical education: outline for a pedagogical model. Physical Education and Sport Pedagogy, 23, 2, 197-208**, https://doi.org/10.1080/17408989.2017.1372408, 2017

Barker, D.M.; Aggerholm, K.; Standal, O. & Larsson., **Developing the practising model in physical education: an expository outline focusing on movement capability. Physical Education and Sport Pedagogy, 23(2), 197-209**, https://doi.org/10.1080/17408989.2017.1371685, 2018

Blández Ángel, Julia, **Programación de unidades didácticas según Ambientes de aprendizaje.**, 1ª ed., Inde, 2000

Palao Andrés, J. M. y Ortega Toro, E., **Formas de organización en educación física.**, 1ª ed., Diego Marín, 2009

Contreras, Onofre, **Didáctica de la Educación Física. Un enfoque constructivista.**, 1ª ed., Inde, 1998

Devís Devís, J. & Peiró Velert, C., **Nuevas perspectivas curriculares en Educación Física: la salud y los juegos modificados.**, 1ª ed., Inde, 1992

Famose, J.P., **Aprendizaje motor y dificultad de la tarea.**, 1ª ed., Paidotribo, 1992

Fraile Aranda, A. (coord.), **Didáctica de la educación física: una perspectiva crítica y transversal.**, 1ª ed., Biblioteca Nueva, 2004

Gallego, J.L. y Salvador, F., **Metodología de la acción didáctica en Medina y Salvador (coord), Didáctica General (pp.157-181).**, 1ª ed., Pearson, 2005

González Arévalo, C., **El proceso de programación en la enseñanza de la actividad física y el deporte. Apunts, 80, 20-28**, 2005

González Arévalo, C. & Lleixà Arribas, T. (coords.), **Didáctica de la Educación física.Ministerio de Educación, Instituto de Formacióndel Profesorado, Investigación e Innovación Educativa**, 1ª ed., Graó, 2010

López Pastor, V.(Coord.), **La sesión en Educación Física: los diferentes modelos y los planteamientos educativos quesubyacen.**, https://www.efdeportes.com/efd43/sesion.htm, 2001

Mosston, M., y Ashworh, S., **La enseñanza de la educación física. La reforma de los estilos de enseñanza.**, 1ª ed., Barcelona, 1993

Pedraza Gómez, Z., **De la educación física y el uso de sí: ejercicios estético-políticos de la cultura somática moderna**, 14(2), Movimento, 2008

Pérez, A.I. & Gimeno, J., **Pensamiento y acción en el profesor: de los estudios sobre la planificación al pensamiento práctico. Infancia y aprendizaje, 42, 37-63**,

Sicilia Camacho, A., **La investigación de los estilos de enseñanza en la educación física. Un viejo tema para un nuevo siglo. Sevilla.**, 1ª ed., Wanceulen, 2001

Sicilia, A.; Sáenz-López, P.; Manzano, J.I. y Delgado, M.A., **El desarrollo curricular de la Educación Física en Primaria y Secundaria: un análisis desde la perspectiva del profesorado. Apunts: Educación física y deportes, 98, 23-32**, ISSN 1577-4015,, 2009

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte II/P02G050V01603

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Aprendizaxe e control motor na educación física e o deporte/P02G050V01102
Educación: Pedagoxía da educación física e o deporte/P02G050V01103
Fundamentos da motricidade/P02G050V01204
Xogo motor/P02G050V01105
Socioloxía: Socioloxía e historia da actividade física e o deporte/P02G050V01203
Educación: Epistemoloxía das ciencias da actividade física, o deporte e a educación física/P02G050V01301
Expresión corporal e danza/P02G050V01402

Outros comentarios

Recoméndase:
A asistencia de forma continua ás clases presenciais.
A realización das actividades de avaliación continua.
Prestar atención á temporalización das actividades e traballos do curso.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisíbel evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade estabelece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
A) Metodoloxías docentes que se modifican
Realizaranse as mesmas metodoloxías docentes que as contempladas nunha situación sen alerta pero adaptándoas a unha

modalidade online. A tal fin empregarase o Campus Remoto e outras ferramentas como Zoom, Moodle, Google Classroom, Microsoft Teams ademais de Moovi (e aquelas outras que estean dispoñíbeis no momento e poidan ser empregadas de mutuo acordo polo alumnado e a profesora para desenvolverse na materia).
Polo tanto as metodoloxías serán:
- Lección maxistral. Realizarase a través do Campus Remoto e Moodle. Terán como soporte para o seu seguimento documentación e material didáctico dispoñíbel en Moovi.
- Resolución de problemas. Realizarase a través do Campus Remoto e Moodle. Algunhas entregas poderán ser realizadas por correo electrónico ou Moovi.
- Traballo tutelado. O alumnado traballará en grupo mediante ferramentas como google drive ou dropbox. En caso de imposibilidade de acceso a estes recursos, o traballo poderá ser individual. A intervención docente poderá ser en modalidade online destinada aos seus compañeiros/as de clase, en modalidade presencial a persoas da sua contorna coas que teña contacto seguro nese momento. En todos os casos a intervención será gravada en video e facilitada á docente. A entrega será online mediante correo electrónico ou plataforma de teledocencia (Moovi).
- Seminario. Realizarase online mediante videoconferencia a través do Campus Remoto.
- Estudo de casos. Realizarase online mediante videoconferencia a través do Campus Remoto e outras plataformas para a docencia online como Zoom, Moodle, Google Classroom, Microsoft Teams. Para avaliación tamén empregaranse ferramentas da plataforma Google, Kahoot ou outras apps semellantes.
- Obradoiro. Realizarase unha intervención docente. Poderá ser: 1. Online a través de Campus Remoto, Zoom, Moodle, Google Classroom, Microsoft Teams ou calquera outra plataforma de teledocencia que permita a interacción visual e verbal do alumnado. O alumnado terá que adaptar a sua programación a un contexto virtual. 2. En presencia física con persoas da sua contorna coas que teña contacto seguro durante ese período. Neste caso a intervención deberá ser gravada e facilitada á docente.
- Prácticas de laboratorio. Realizaranse online a través de Campus Remoto, Zoom, Moodle, Google Classroom, Microsoft Teams. Algunhas poderán ser enviadas en forma de tarefa que o alumnado terá que realizar de xeito autónomo e cumprimentar unha avaliación.

B) Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
As titorías desenvolveranse a través do campus remoto. Despacho 2129
(https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/912187149)
Poderase empregar a ferramenta Doodle para a xestión das titorías e seminarios.

C) Outras modificacións
No caso da semipresencialidade as metodoloxías de resolución de problemas poderán realizarse nun contexto presencial pero modificando as prácticas motrices de tal xeito que se respecte a distancia interpersoal e o esforzo físico sexa moi moderado. As prácticas pasarán a ser exemplificacións dalgúns alumnos/as (que rotarán na participación) que o resto do alumnado analizará. Empregarase a modalidade de ensino en pequenos grupos.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
A avaliación manterase igual. As diferentes metodoloxías/probas realizaranse polos medios telemáticos especificados (Campus remoto, Moodle, Skype, Zoom, etc,).